# Moodle básico

Acceso á aula virtual: debemos estar rexistrados como usuarios do sistema:




Entramos no curso. En **"Os meus cursos"** buscamos **Moodle, biblioteca escolar e animación á lectura**




Unha vez dentro do curso, fixámonos na barra superior para situarnos. Cada vez que precisemos dar "marcha atrás" por calquera motivo, pulsamos en **"iessanpaio"**




Se pulsamos en **"Mudar o papel para..."** podemos visualizar cómo verá o curso o alumnado. Despois temos que **"Volver ao meu papel normal"**.

O botón **"Activar edición"** é moi importante: permítenos engadir recursos e actividades.
En moodle temos os temas da lección divididos por seccións numeradas a partir do 1.

Imos engadir o título ao tema. Pulsamos en **Activar edición.** Veremos que aparecen unha serie de cousas: un pequeno botón coa forma dunha man cun lapis e uns menús para engadir recursos ou actividades. **Pulsando no botón da man co lapis poderemos "editar", é dicir, engadir ou escribir algo.**

Na imaxe móstrase unha sección dun tema baleiro, sen nada aínda escrito, no momento de premer en "Activar edición"




Pola contra, a seguinte imaxe mostra o mesmo, pero nunha sección con contidos xa feitos:




**<u>Intentade non confundirvos entre tantas mans, cada unha delas controla diferentes cousas: o título da sección, a actividade, o recurso...!!!</u>**

Imos comezar dende o principio: o primeiro bloque (que non vai numerado) denominado **Resumo de tema 0** é para o título e a introdución ao tema. Os recursos e as actividades irán debaixo desta sección. Trátase dun pequeno editor de texto.



No **"Tema 0"** debedes escribir cousas significativas para o alumnado: título, introdución, obxectivos, resumo dos contidos...

O voso grupo debería consensuar unha regras de estilo: tamaño, tipo de letra dos títulos, información que se debe mostrar no resumo do tema, etc.

Non esquecer nunca pulsar en **"gardar modificacións",** senón perdemos todo.

Imos introducir información para o estudante, coma se fose un libro de texto ou os apuntes de clase. A información ten que ser moi significativa e que vaia directamente ao gran. Practicaremos cos seguinte tipos de recursos:

-Elaboraremos unha páxina web
-Ligazón a un ficheiro ou sitio web
-Mostrar un directorio con recursos
Además subiremos imaxes e vídeos.

# 1.-Elaborar unha páxina web

1.-Activar edición
2.-Na sección correspondente: **Engadir un recurso / Elaborar páxina web**




3.-Temos a continuación un formulario de configuración que solicita:

-Título da páxina web (ten que ser descritivo e conciso: é o texto identificativo do recurso)
-Resumo (resumo do contido e dos obxectivos)

-Elaborar páxina web: recurso que se ofrece aos estudantes
-Xanela (mellor escoller "nova xanela")
-Non esquecer ao rematar premer en **"Save and return to course".**




A continuación temos que elaborar a páxina web.
Mellor ter feito un deseño no papel en forma de táboa. Ímolo practicar do seguinte xeito:
Tipo de fonte e tamaño: Verdana 10. Xustificar o texto para que quede centrado na cela.
Buscamos un vídeo na páxina de YouTube. Por exemplo, en **Google** introducimos no buscador: **"Mártires de Sobredo youtube"** e obtemos a seguinte dirección:



cfr tui




Esollemos o primeiro resultado,



Fixémonos onde pon **Inserir**. Temos un código HTML que debemos copiar e pegar en moodle.
Facemos 1 clic no comezo da frase para seleccionar dito código (se pon de cor azul).
Sen mover o punteiro prememos no botón dereito e escollemos **"Copiar".**
Abrimos o caderno de notas e o pegamos

Ou ben directamente imos ao editor de texto de moodle. Pero antes de pegar debemos premer no botón do editor **"modificar a fonte HTML",** botón que ten o seguinte aspecto: **<>**




**<u>Agora si, pegamos o código</u>**:




Importante: pulsamos en **Save and return to course**

Observamos o funcionamento do vídeo, premendo na ligazón correspondente do voso tema de moodle. Animádevos a facer un vídeo didáctico similar!.

Pero o noso obxectivo era facer unha páxina web. Imos acompañar o vídeo de título, textos e de imaxes, e de un pé de páxina co nome das persoas autoras da web.
Para iso empregaremos táboas.

Pulsamos no botón **"Actualizar"** (man cun lapis)




Entramos no formulario de “**Actualizando recurso”**

Situamos o cursor debaixo do vídeo. Coidado de non borralo!!




Premer no botón do editor **“Inserir táboa”**




En calquera caso, cando traballemos con táboas é moi conveniente agrandar o espazo do editor pulsando o botón



Desta forma, mostraranse novos botóns que facilitan a edición das táboas



**Figura 65:** Barra de herramientas para tablas.

Para minimizar, dámoslle a:



O noso obxectivo é ter unha plantilla como a seguinte:



Como facemos isto?. Unha forma e inserir 3 táboas pegadas: a primeira de 1 fila e de 1 columna, a segunda de 2 filas e de 2 columnas e a terceira de 1 fila e 1 columna.
Deben estar as tres pegadas, no podemos mover o cursor do sitio. Os formularios de configuración son:



cfr tui




O aspecto do editor será agora o seguinte:



**<u>Agora vén o paso delicado</u>**: temos que arrastrar o marco co vídeo ata a cela numerada co número 4. Para iso pulsamos encima do marco (fixádevos nos cadriños brancos que aparecen) e co botón esquerdo pulsado, arrastramos ata a cela:




Escribimos o título da páxina web:



cfr tui

Nas dúas celas seguintes escribimos, respectívamente, un texto e inserimos unha imaxe.




Escribimos tamén un texto á dereita do vídeo.

Finalmente, un pé de páxina, por exemplo:

*Grupo de traballo IES San Paio curso 2010 "Educación documental"*

Premer en **Save and return to course** e mirade o resultado.

cfr tui

# 2.-O editor de texto HTML de Moodle

Cómpre saber manexar moi ben o editor de texto HTML de moodle
Interface moi parecida a un procesador de textos. (imaxes, táboas, carácteres especiais, ...).




**Figura 61:** Barra de herramientas del editor HTML.

| Botón | Función |
|---|---|
| Trebuchet | Seleccionar el **tipo de fuente**. |
| 1 (8 pt) | Seleccionar el **tamaño** de la fuente. |
| Encabezado 3 | Seleccionar el **estilo**. |
| Idioma | Elegir el **idioma**. |
| B U I S | Aplicar formatos al texto previamente seleccionado: **negrita**, **cursiva**, **subrayado** y **tachado**. |
| $x_2$ $x^2$ | Poner **subíndices** y **superíndices**. |
| | **Limpiar el código HTML de Word**. Sirve para cuando hemos copiado texto desde Word y queremos eliminar las etiquetas (tags) innecesarias. |
| | **Deshacer** y **rehacer**. |
| | Opciones de **justificación** del texto: izquierda, centrado, derecha y justificado. |
| | **Dirección del texto**, de izquierda a derecha y de derecha a izquierda. Se puede utilizar en aquellos idiomas donde se escribe de derecha a izquierda. |
| | Crear **listas numeradas** y **listas con viñetas**. |
| | Aplicar **sangrías** a la izquierda y a la derecha. |

cfr tui

| Botón | Función |
|---|---|
| | Cambiar el **color del texto** y el **color del fondo**. Estos botones activan la paleta de colores en una nueva ventana. Basta con pulsar con el ratón el color deseado o escribir su código en el cuadro de texto mostrado.   |
| | Trazar **líneas** separadoras. |
| | Crear **anclaje**. Sirve para establecer enlaces entre diferentes puntos de la misma página. Se utiliza en combinación con los hipervínculos. |
| | Insertar y romper un **enlace** Web. Más adelante se explica con más detalle. |
| | Anular un **enlace al glosario**. Se usa para evitar la repetición excesiva de enlaces con palabras enlazadas del glosario y los enlaces no deseados. |
| | Insertar una **imagen**. Se explica con detalle más adelante. |
| | Insertar una **tabla**. Se explica con detalle más adelante. |
| | Insertar **emoticonos**. Este botón abre una ventana con un surtido de emoticonos para seleccionar. Estos elementos son muy útiles para indicar el tono de una expresión y permiten expresar una gran variedad de matices para el texto. Podemos escribir las formas textuales de los emoticonos y el editor las convertirá automáticamente.   |
| | Insertar **caracteres especiales**. Este botón abre una ventana con el juego de caracteres que estemos usando en ese momento en nuestro navegador.   |

| Botón | Función |
|---|---|
| | Buscar y reemplazar texto. |
| | Añadir etiquetas o marcas HTML. |
| | Agrandar y disminuir el editor. |

**Tabla 6:** Botones de la barra de herramientas del editor HTML.

# 3.-Inserir enlaces

Para inserir un enlace hai que seleccionar primeiro o texto e despois pulsar o botón da barra de ferramentas do editor. Despois, na ventá que se abrirá, podemos teclear ou pegar a URL da páxina á que desexamos apuntar, o Título ou texto alternativo que aparecerá ao poñer o punteiro do rato sobre o enlace e o marco de destino (nova ventá, mesmo marco, mesma ventá...).

Outra posibilidade: enlazar a un lugar da mesma páxina. Para iso creamos unha ancoraxe que fará de destino e despois seleccionamos a ancoraxe na lista de áncoras.

Exemplo: no recurso de páxina web sobre os Mártires de Sobredo, imos engadir unha ligazón a unha páxina interesante, por exemplo:

http://centros.edu.xunta.es/iespedrasrubias/?q=node/107

1.-Editamos no noso moodle o recurso: 80 cabodano dos Mártires de Sobredo, premendo na icona da man co lapis.
2.-Escollemos unha frase significativa para engadir unha ligazón, por exemplo:




3.-Premer no botón "inserir ligazón web", que ten o aspecto dunha cadea:






4.-No formulario de configuración da ligazón pegamos o enderezo da páxina e

deixamos a demais opcións como se mostra na figura:




5.-Dámoslle a **Aceptar**
6.-Observamos como queda a frase sublíñada e en cor azul




7.-Finalmente, escollemos coma sempre **"Nova xanela"** e **save and return to course**. Observamos o resultado.

# 4.-Inserir unha imaxe

O que realmente se insire é un enlace ao arquivo de imaxe. Este arquivo debe subirse previamente ao servidor Moodle.

Exemplo: imos engadir unha imaxe ao noso recurso de páxina web sobre os Mártires de Sobredo

cfr tui

1.-Escollemos unha imaxe interesante libre de dereitos en Internet e a gardamos no disco duro ou no pendrive (premendo enriba dela co botón dereito do rato escollemos "Gardar imaxe como..."). Dámoslle un nome significativo á imaxe, para non ter que perder logo tempo en buscala.




2.-Editamos no noso moodle o recurso: 80 cabodano dos Mártires de Sobredo, premendo na icona da man co lapis.
3.-Engadimos unha nova táboa de bordos invisibles de 1 fila e de 1 columna no medio. **Facemos clic para situar o cursor na nova cela!!!**



4.-Premer enriba do botón “Inserir imaxe”, que ten o seguinte aspecto:



5.-Temos un novo formulario de configuración: en primeiro lugar debemos premer en “**Examinar**” para buscar a imaxe no noso ordenador ou pendrive (dámoslle a abrir).
6.-Unha vez que temos a ruta da imaxe en Examinar, prememos en **Cargar**
**7.-Logo duns segundos teremos a imaxe subida ao noso moodle “imaxe cargada con éxito”**
8.-Buscamos na lista a imaxe (por iso cómpre un nome siginificativo)
9.-Importante: facemos clic unha vez e a imaxe aparece en moodle
10.-MOI Importante: debemos escribir un texto alternativo e reducir o tamaño: por exemplo 250 de largura (deixamos a altura en branco, e xa moodle axusta o tamaño).




10.-Prememos en **Aceptar** e observamos o resultado. Ás veces a imaxe queda fóra da cela e témola que arrastrar. Podémola situar no medio da cela premendo en **Centrar**

cfr tui







**MOI INTERESANTE: significado dos botóns de ferramenta das táboas que aparecen cando maximizamos a ventá do editor de texto:**



Figura 65: Barra de herramientas para tablas.

| Botón | Función |
|---|---|
| | Propiedades de la tabla. |
| | Propiedades de la fila. |
| | Añadir una fila por encima o por debajo de la seleccionada. |
| | Borra la fila seleccionada. |
| | Dividir la fila. |
| | Añadir columna a la izquierda o a la derecha de la seleccionada. |
| | Eliminar la columna seleccionada. |
| | Dividir la columna. |
| | Propiedades de la celda seleccionada. |
| | Añadir una celda encima o debajo de la actual. |

| Botón | Función |
|---|---|
| | Eliminar celda. |
| | Combinar celdas. |
| | Dividir la celda. |

Tabla 7: Barra de herramientas para tablas.

# 5.-Ligazón a un ficheiro ou sitio web

1.-Activar edición
2.-Na sección correspondente: **Engadir un recurso / Ligazón a un ficheiro ou sitio web**

Cando agregamos ou editamos un recurso deste tipo móstrase un formulario, cunha sección específica para este recurso. Esta sección contén o campo máis importante do recurso denominado Localización. Nel especifícase a dirección URL da páxina ou o nome do arquivo ao que queremos enlazar.




Cando se fai clic no botón **Elixa ou suba ou un arquivo** ábrese a páxina de arquivos do curso. Nesta páxina, podemos seleccionar o arquivo ao que queremos enlazar o recurso facendo clic sobre o enlace **Escolla.** Desta forma, no campo **Localización** do formulario de configuración aparecerá o nome do arquivo seleccionado. Para finalizar, tan só hai que gardar os cambios e o recurso quedará enlazado ao devandito arquivo.



Se aínda non se subiu o arquivo, faremos clic no botón **Subir un arquivo**. A continuación pulsaremos sobre o botón **Examinar** para movernos pola estrutura de cartafois ata localizar o arquivo desexado. Finalmente, usaremos o botón **Subir este arquivo** para trasladar ese arquivo desde a súa localización orixinal (probablemente a nosa máquina) ao cartafol de arquivos do curso no servidor Moodle. Unha vez subido o arquivo, tan só hai que escollelo **(Escolla)** como se indicou anteriormente e quedará enlazado ao recurso.




No momento de subir arquivos hai que ter en conta que o tamaño do arquivo non debe exceder o límite permitido no curso e que os arquivos moi grandes requiren unha espera que depende do ancho de banda da conexión a Internet, entre outros factores.

A modo de resumo, pódese dicir que **o enlace a unha web** é útil para engadir contidos externos ao sitio Moodle de forma rápida ou para facilitar o acceso e coñecemento de sitios de interese xeral (buscadores, dicionarios, institucións, etc.), mentres que o **enlace a un arquivo** permítenos agregar contidos con múltiples formatos, comprimidos ou non